

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA TRINTA DE MAIO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día trinta de maio de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día sete de maio de dous mil trece do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia núm. 201300000000426 de don Victor Mougán Valdés

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar fiestras e encintar parede exterior, situada en Paizás, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta euros con sesenta e tres céntimos (#70,63#).

2.2 . - Instancia núm. 201300000000486 de don José Cebeiro Campos

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para a rehabilitación dun muro de contención, de aproximadamente 5 m de lonxitude por 3 m de alto, consistente na colocación de tirante metálico, situado en



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Socastro –San Mamede de Ribadulla en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume exterior da construcción e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

### 2.3.- Instancia núm. 201300000000643 de don Severino Mougán Lobato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita se modifique o acordo da Xunta de Goberno Local de sesión de data 7 de maio de 2013 en relación co expediente número 2013/U009/000025 para construcción de cerre en Vilar (San Pedro de Vilanova).

A Xunta de Goberno, acorda modificar o citado acordo, onde di "... construcción dun cerre en dous tramos de aproximadamente 18 m e 25 m respectivamente, con base de pedra, postes e arame...", debe dicir: "...a construcción dun cerre en dous tramos de aproximadamente 18 m con base de bloque, postes e arame, e 25 m con base de pedra, postes de pedra e arame...", manténdose os demais termos do citado acordo.

### 2.4.- Instancia núm. 201300000000629 de dona María Jesusa Fernández Mogo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, consistente en picar a fachada para deixar a pedra á vista, de aproximadamente 90 m<sup>2</sup> de superficie, situada na Avda. M. M. Gómez Lorenzo, en solo cualificado no PXOM como solo cualificado como Solo Urbano Residencial de Baixa Densidade en Tipoloxía Mixta (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con sesenta e oito céntimos (#53,68#).

### 2.5.- Instancia núm. 201300000000661 de dona Adriana Estévez Barros

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construcción dun cerre de parcela, de aproximadamente 40 m de fronte e 37 m polo lateral, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Nande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía; garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e nove euros con vinte e un céntimos (#69,21#)

### 2.6.- Instancia núm. 201300000000594 de dona M<sup>a</sup>. Rosario Alvela Mella

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Boqueixón, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 138-B de concentración parcelaria de Ribadulla (ref. Catastral 15090A507020660000AK) situada en Neira de Arriba, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º- Conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal , que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2º.- O terreo destinado a vías, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

### 2.7.- Instancia núm. 201300000000593 de dona Pilar Canicoba Parada e outros

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación das fincas núm. 397 e 398 (regularización de lindes) dos planos de concentración parcelaria de labradío de Vilanova-Merín (referencias catastrais 000500500NH43E0001WX e 000500200NH43E0001ZX respectivamente) situadas no lugar de Vilanova, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e solo rústico de protección de augas (R-5), de acuerdo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º- Conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2º.- O terreo destinado a vías, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.



## 2.8.- Instancia núm. 20130000000684 de don Juan Carlos Calvelo Gómez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 637 de concentración parcelaria de Trobe (ref. Catastral 15090A505006370000AY), situada en Xián, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e finca singular en solo de núcleo rural (N-3), en tres parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José Manuel Pena Alonso.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.

## 2.9.- Instancia núm. 20130000000521 de Manuel Quián Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Milladoiro (Ames), expón que as obras de urbanización descritas no proxecto presentado coa documentación da licenza para construcción de vivenda unifamiliar en Castro (Ponte Ulla), expediente 2013/U008/000007, xa están rematadas. Solicita así mesmo, e dado que a urbanización prevista está executada, se deixe sen efecto a necesidade de presentación de aval para responder das mesmas que se sinalaba no acordo de concesión da licenza de obra para a construcción da vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe do técnico municipal, no que consta que as obras se executaron conforme á documentación presentada, acorda:

1º.- Que se deixe sen efecto a necesidade de presentación de aval tal e como figuraba no acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2013, polo que se concedeu licenza para construcción de vivenda unifamiliar en Castro (Ponte Ulla) a Manuel Quián Barreiro.

2º.- A recepción das obras de urbanización farase no momento da concesión da licenza de primeira ocupación da vivenda obxecto do expediente 2013/U008/000007.

## 2.10.-Instancia núm. 20130000000425 de don Manuel Ramón Rendo Caldelas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 50 m<sup>2</sup> en planta, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situado en Ponte Ulla –Ponte Ulla, en solo cualificado no PXOM como Solo Urbano non consolidado, dentro do ámbito do Plan Especial Núcleo de Ponte Ulla, PE1.

Dáse conta así mesmo da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo rehabilitar o alboio con colocación de fibrocemento e tella curva do país.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 2.11.- Caducidade das licenzas

Á vista do disposto no artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en canto aos prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa da demora na iniciación e finalización das obras.

A Xunta de Goberno acorda:

En canto ás licenzas de edificacións consideradas menores, o prazo de inicio será de 3 meses e o de finalización de 18 meses.

Para as licenzas de edificación consideradas maiores, o prazo de inicio será de 6 meses e o de finalización de 3 anos.

Nos dous casos, dende a data do seu outorgamento e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

### 3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

#### 3.1.- Escrito núm. 201300000000454 de Electricidad Cruceiro, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don José Manuel Varela Carregal, en representación da empresa Electricidad Cruceiro, S.L, solicita a devolución do aval presentado para responder da execución da obra de *ampliación da rede de alumeadoo público en Bazar, San Miguel de Sarandón, San Pedro de Sarandón e medidas complementarias de aforro enerxético (2011)*, dado que o prazo de garantía da obra xa rematou.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

#### 3.2.- Escrito núm. 201300000000455 de Electricidad Cruceiro, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don José Manuel Varela Carregal, en representación da empresa Electricidad Cruceiro, S.L, solicita a devolución do aval presentado para responder da execución da obra de *“Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla (2009)”,* dado que o prazo de garantía da obra xa rematou.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

### 4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descripción
313	Champi-Champi-Ñon Comunicacion, S.L.	1.089,00 €	Programación nova web <i>Concello de Vedra</i>
9.900.423.279	Ministerio Industria,	100,00 €	Taxa por reserva dominio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



.223	Turismo e Comercio		público radioeléctrico
151213FC000 2140	Supervisión y Control, S.A.	59,65 €	ITV do camión recollida lixo 4663CSP
156	Maderas C. Lata S.L.	90,75 €	Taboleiro de pino para obras no campo de festas de Vedra
2.013.220	Electricidad Cruceiro, SL	907,50 €	Instalación cadro eléctrico no campo fútbol de Vedra
2.013.221	Electricidad Cruceiro, SL	1.687,95 €	Apagado farois de iluminación pública en marzo/12
2.013.222	Electricidad Cruceiro, SL	2.622,78 €	Apagado farois de iluminación pública en abril/12
2.013.223	Electricidad Cruceiro, SL	2.123,55 €	Apagado farois de iluminación pública en maio/12
2.013.224	Electricidad Cruceiro, SL	308,55 €	Apagado farois de iluminación pública en xuño/12
2.013.225	Electricidad Cruceiro, SL	203,40 €	Cambio farol en Nande-San Fins en marzo/12
2.013.226	Electricidad Cruceiro, SL	62,92 €	Traballos en Nande e Sta.Cruz en abril/12
2.013.227	Electricidad Cruceiro, SL	515,46 €	Traballos realizados na iluminación pública en xullo/12
2.013.228	Electricidad Cruceiro, SL	726,00 €	Traballos realizados na iluminación pública en agosto/12
2.013.229	Electricidad Cruceiro, SL	671,55 €	Apagado farois iluminación pública en setembro/12
2.013.230	Electricidad Cruceiro, SL	341,70 €	Traballos realizados na iluminación pública en outubro/12
B/768662	Dinahosting, S.L.	16,94 €	Renovación dominio <i>concellovedra.com</i> por un ano
1364/2013	Ortigueira S.A.	89,54 €	Subministro camelias e azaleas para <i>Feiravedra</i> 2013
50.104.042	Ricoh España, SLU	318,69 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais mes abril
13/059	Maquicar-Maquinaria, SL	266,20 €	Aluguer pala frontal para arranxo pista en San Fins
N13-585	Hercules Ediciones S.A.	184,00 €	Tomo 64 da obra <i>Galicia Economía</i>
WH- 2131715149	Estrategias WebSile, SL - VirtualPyme	36,30 €	Hospedaxe <i>Femp-vedra.es</i> (21/03/2013 - 20/03/2014)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Varias facturas	Acredores diversos	964,32 €	Gastos viaxe 3ª Idade a termas de Cuntis o 24/04/13 sufragados coas achegas dos participantes
33 3146	Ulla-Oil S. L.	752,00 €	Gasóleo C para a gardería subministrado en abril
33 3176	Ulla-Oil S. L.	752,00 €	Gasóleo C para a casa do Concello subministrado en abril
33 3350	Ulla-Oil S. L.	1.116,00 €	Gasóleo B para tractores subministrado en abril
23 930	Ulla-Oil S. L.	1.945,90 €	Gasóleo A servido na nave de Trobe en abril
15/2013	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Asistencia técnica Parque Empresarial mes abril
VD 04/2013	Ana Naya García. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería en escola infantil mes abril
28-E381-784477	Telefónica Moviles España, S.A.	402,81 €	Fra. de maio por servizos de telefonía móvil
4 Ticket Eroski	Acredores diversos	80,54 €	Produtos para madrugadores comprados en abril
23	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes abril
4	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue mes abril
34	García García, S.C.	89,43 €	Produtos subministrados para <i>Teatrofilia</i> 2013
01K13000006	Kontraste's	129,95 €	Detalles para atencións protocolarias (nacementos)
RMB/13-0203	Femp	150,00 €	Cota <i>Biodiversidade</i> 2013
RECC/13-0257	Femp	150,00 €	Cota rede española <i>Cidades polo Clima</i> 2013
32.111.871	Automoviles Louzao, S.A.U.	252,61 €	Cambio pastillas de freo camión do lixo 4663CSP
0045/13	Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L.	2.358,47 €	Mantemento alumeadoo público mes abril
2013/023	Xestedec Comunicación	2.070,19 €	Traballois realizados para <i>Feiravedra</i> 2013
0163/E13	Talleres San Fins S.L.	22,99 €	Repostos para desmalezadora brigada verde en abril
0174/E13	Talleres San Fins S.L.	221,43 €	Reparación desmalezadora de arrastre en abril
0188/E13	Talleres San Fins S.L.	140,36 €	Repostos para desmalezadoras brigada verde en abril
0205/E13	Talleres San Fins S.L.	46,59 €	Reparación desmalezadoras



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			brigada verde en abril
0206/E13	Talleres San Fins S.L.	366,24 €	Reparación retroexcavadora E6073BBD en abril
0207/E13	Talleres San Fins S.L.	40,47 €	Reparación vehículo C15 C4407BM en abril
0208/E13	Talleres San Fins S.L.	972,90 €	Reparación remolque e desmalezadora en abril
270.413	Club Bushi - Kai Santiago	471,90 €	Clases de karate mes abril
SN/2013/071 73	GYJ España Ediciones, S.L.	33,60 €	Renovación subscrición 2013/2014 a revista <i>Geo</i>
13/4	Freiría Suárez José María	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes abril
13/5672	Eurokope, S.L.	69,58 €	Fertilizante para curso de creación de xardíns
201.300.053	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	38,12 €	Materiais para camión recollida lixo
13-456	Puente Ulla S.L.	620,82 €	Gasóleo para novo camión recollida lixo abril
13-455	Puente Ulla S.L.	1.102,54 €	Gasóleo para camión recollida lixo mes abril
13-448	Puente Ulla S.L.	317,52 €	Gasóleo B para os tractores municipais mes abril
13-454	Puente Ulla S.L.	68,06 €	Gasolina para maquinaria brigada verde mes abril
450	Viajes Peillet S.L.	275,00 €	Servizo autocar para viaxe 3ª Idade a Cuntis-Amil
10	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	176,25 €	Produtos para exposición pintura E. Lema en Museo Paz Camps
24	Camino Bouzón Miguel Angel	302,50 €	Traballos en escolas de S. Fins e S. Xián en abril
A021923	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	11,77 €	Servizos prestados en abril
19.324	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	302,50 €	Recollida urbana aceites comestibles usados 3 meses
013 0286	Sapa-Contenedores y Servizos, SL	1.237,50 €	Servizos prestados para obra en campo festa Vedra en abril
013 0285	Sapa-Contenedores y Servizos, SL	231,00 €	Servizos prestados no punto limpo mes abril
2013/416	Pérez Fernández Manuel - Rexistro Propiedade 1 Santiago	54,57 €	Notas simples para urbanismo expedidas en abril
S13/050416	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrición a <i>La Voz de Galicia</i> mes abril
3320340/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a <i>El Correo Gallego</i> mes maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



89.461.030.00 2	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal + na casa 3ª Idade mes maio
4.001.103.191	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	550,76 €	Servizo de franqueo pagado mes abril
05/C-03/2013	Sánchez Lojo Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes maio
A00136	Sociser Galicia, S.L.	11.796,10 €	Horas SAF dependencia mes abril
A00135	Sociser Galicia, S.L.	5.773,98 €	Servizo asistencial a domicilio mes abril
92.652.084	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes maio
2013/0984	Sogama S. A.	8.496,98 €	Tratamento de residuos mes abril
10	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	949,85 €	Parte fra. por traballos realizados de 06/12 a 05/13
10	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	1.385,45 €	Parte fra. por traballos realizados de 06/12 a 05/13
10	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	931,70 €	Parte fra. por traballos realizados de 06/12 a 05/13
A 206	Germán Mallo, S.L.	77,92 €	Reciclado de 5 rodas de tractor do punto limpo
50.135.625	Ricoh España, SLU	167,72 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais en 1T/2013
1.302.960	Proel Ascensores, S.L.	231,44 €	Mantenemento ascensor do CPI de Vedra en 2T/2013
491.774.211	Mapfre Seguros de Empresas	212,30 €	Recibo seguro exposición pintura E. Lema do 30/4 ao 27/5
1.301.017.746	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	216,83 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes marzo
113.008.103	Clear Channel España, S.L.U.	36,06 €	Producción carteis para Xenerais da Ulla 2013
235.895.085	Sanmartin Gestión A Estrada, S.L.	3.576,59 €	Póliza seguro camión recollida lixo 9047HPG
Recibo 15/05/13	Iglesias Raviña Ricardo	50,00 €	Subministro dunha árbore para albergue de peregrinos
0101- 1300461	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	34,98 €	Recollida de residuos no punto limpo en abril
13/055	M.C. Mapoca, S.L.	4.809,75 €	Subministro formigón para obra campo festas Vedra
3.542	Asvetrans, S. Coop. Galega	242,00 €	Viaxes materiais de Serrabala San Fins en abril para arranxo pista en S. Xián
13/061	Maquicar-Maquinaria, SL	205,70 €	Servizo de plataforma para reparación cristais do pavillón



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



130.000.173	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	147,70 €	Materiais de obras subministrados en abril
23/2013	García Silva Fernando-Indirot	186,34 €	Carteis de anuncio de obra subministrados en maio para urbanismo
13.078	Persianas Metálicas, S.C. - Persigal	2.066,35 €	Persiana de seguridade para a nave de Trobe
TA4D000389	Telefónica de España, SAU-Movistar	22,16 €	Servizo telefonía fixa sede P.Civil mes maio
1.130.312.768 .348	Gas Natural, SA	31,48 €	Subministro ao centro de saúde Sta. Cruz mes marzo
20.613	Electro Bermúdez-José Bermudez Reboredo	645,00 €	Trofeos gravados para a <i>Gala do Deporte 2013</i>
A0869308	Consellería Presidencia, AA.PP e Xustiza	54,39 €	Taxas autorización proba <i>Ruta BTT da Camelia 2013</i>
129/13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	57,74 €	Repostos e produtos para a maquinaria mes abril
FP 11305160	Paz Dismac, S.L.	235,04 €	Papel A4 subministrado en maio
1.301.032.513	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	216,83 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes maio
05/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	815,34 €	12 fras. de maio por servizos de telefonía fixa
1.130.312.761 .457	Gas Natural, SA	282,98 €	Subministro escola S. Fins xaneiro a marzo (regularizado)
562.620.136.8 00.446	Probisa Produtos Bituminosos S.L.U.	5.418,32 €	Produto para arranxo de pistas servido en maio
3/2013	Guerra Neira Juan	7.205,35 €	Gastos comida festa <i>Romaría 3ª Idade 2013</i>
CSN1305003 12544	Cide Hcenergia, S.A.	358,98 €	Subministro a alumeadoo público de Caldelas meses marzo e abril
1.130.410.023 .259	Unión Fenosa Comercial, S.L.	947,55 €	Subministro a depuradora Calzande mes marzo
1.878.470	El Corte Inglés, S.A. (ECI)	15,00 €	Materiais para actividades lúdicas da 3ª Idade
18/2013	Comercial Souto-Souto Iglesias E.	312,76 €	Materiais para reparación taboleiros de anuncios parroquiais
03/13	Fundación Refuxio de Animais	2.902,13 €	Cota e acollemento de 6 cans período 1º cuadrimestre 2013
FV-13/5	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases de manualidades mes abril
FV-13/6	Garcia Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases de manualidades mes maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



15	Suffruticosa (vivero de boj)	78,40 €	Plantas subministradas para <i>Feiravedra 2013</i>
50.148.478	Ricoh España, SLU	318,69 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais mes maio
5 Tícket Eroski	Acredores diversos	65,85 €	Produtos para madrugadores adquiridos en maio
130.502.204.3 52	Acredores diversos	3,90 €	Tícket de Merkasia por produtos para a ludoteca
13	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	19,60 €	Produtos para promoción turística de Vedra no pavillón de Sar
120.602	Grafinova Artes Graficas	54,45 €	Tarxetas para a <i>Festa do Viño 2013</i>
120.606	Grafinova Artes Graficas	193,60 €	Diplomas para as <i>Xornadas da Festa da Camelia 2013</i>
120.604	Grafinova Artes Graficas	399,57 €	Impresión boletín municipal mes abril
	Obradoiro Club Baloncesto	300,00 €	Entradas rapaces <i>escolas deportivas municipais</i> partido Obradoiro-Uxue Bilbao
	González Nande José	400,00 €	Actuación en <i>Romaría 3ª Idade 2013</i>
	Acredores diversos	275,00 €	Importe premios en metálico <i>Concurso de Literatura Infantil e Xuvenil 2013</i>
	Fuentes Carballeira Jorge	120,00 €	Indemnización por colaboración e adaptación de programas no curso <i>Deseño Gráfico para a Xuventude</i> celebrado en abril/2013
	Carlos Martínez Carrillo	179,10 €	Quilometraxe e aparcamentos dos viaxes da Alcaldía no mes de maio e peaxes autoestrada de marzo e abril
	Mª Cruz Vilas Giadanés	156,75 €	Quilometraxe e aparcamentos de marzo e abril
	Clara Lema Rodríguez	60,85 €	Quilometraxe e aparcamento de marzo, abril e maio
	Mª Lidia Carpinteiro Quintás	34,75 €	Quilometraxe meses xaneiro, febreiro, marzo e abril
	Silvia Couto Rendo	24,00 €	Quilometraxe meses marzo e abril

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.



Así mesmo, acorda rexeitar a factura núm. 7.015 de Ayeto Publicidad, S.L por non estar autorizado o gasto polo órgano competente.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións.**

5.1.- Solicitud de subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 3 de maio de 2013, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2013 (BOP núm. 88/13, do 8 de maio).

A Xunta de Goberno, ao abeiro da mesma, acorda:

Primeiro.- Aprobar os proxectos de obras ou servizos, denominados:

1a.- Brigada verde - operario de servizos varios.

1b.- Protección civil e servizos varios.

Segundo.- Aprobar os seguintes proxectos ou servizos que se relacionan a continuación, en coordinación cos concellos que se indican, nos termos previstos no artigo 2.5 da orde da convocatoria:

Denominación da obra ou servizo	Concellos cos que se coordina e comparte
Brigada verde - operario de servizos varios	Ningún
Protección civil e servizos varios	Ningún

Terceiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

5.2.- Solicitud de subvención para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes.

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía e Industria, do 30 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, co cofinanciamento do Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG núm. 88/12, do 8 de maio).

Ao abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de investimento para a revitalización do comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes.

Segundo.- Aprobar os seguintes proxectos de obras ou servizos e polos importes que se relacionan a continuación nos termos previstos na orde da convocatoria:

Denominación da obra ou servizo	Investimento
Construcción de aparcamiento en Ponte Ulla	76.784,54 euros



Terceiro.- Solicitar á Consellería de Economía e Industria a subvención para realizar o investimento referido por importe de cincuenta e sete mil cincocentos oitenta e oito euros con corenta céntimos. (#.57.588,40#)

Cuarto.- Aprobar o plan de financiamento do proxecto que a continuación se reflicte:

Obra ou servizo	Financiamento Xunta	Financiamento Concello
<i>Construcción de aparcamiento en Ponte Ulla</i>	57.588,4	19.196,14

#### 6º.- Outros asuntos

##### 6.1.- Contratación telefonía do concello

Á vista das ofertas presentadas polas compañías Movistar, Vodafone e R , a Xunta de Goberno Local acorda contratar con Vodafone o servizo de telefonía fixa e móvil do concello por ser a oferta economicamente vantaxosa.

##### 6.2.- Escrito núm. 20130000000489 do C.D. San Mamede

Dáse conta do citado escrito no que don Manuel A. Silva Fernández, en calidade de Presidente do C.D. San Mamede, expón que os días 1 e 2 de xuño de 2013 a citada entidade organiza o I Torneo de Fútbol Base Sub-12 e Sub-10 San Mamede, na modalidade de F-8, solicitando a colaboración económica do concello para afrontar os gastos do torneo.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de mil (#1.000#) euros, debendo achegar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida para o cobro da mesma.

##### 6.3.- Escrito núm. 20130000000490 da A.Cultural-Deportiva Raiolo

Dáse conta do citado escrito no que dona Patricia M. Vieites Jorge, en calidade de Presidenta da A.Cultural -Deportiva Raiolo de San Xián de Sales, expón que o vindeiro 2 de xuño terá lugar a III edición da Ruta BTT “San Xulián”, solicitando a colaboración económica do concello.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos (#300,00#) euros, debendo achegar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida para o cobro da mesma.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cincuenta minutos.